

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONTRATACIÓNS DE SERVIZOS E SUBMINISTROS POLO PROCEDEMENTO DE EMERXENCIA DURANTE O ESTADO DE ALARMA

EXPEDIENTE: 2020/G003/000743

Declarándose no territorio nacional o Estado de Alarma, mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Visto o disposto no art. 16 do Real Decreto-lei 7/2020, de 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder o impacto económico do COVID-19 que recolle as medidas para a xestión eficiente das Administracións Públicas e dispón que a adopción de calquera tipo de medida directa ou indirecta para facer fronte ao COVID-19 xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata, ao amparo do previsto no artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que a todos os contratos que se celebren para atender as necesidades derivadas da protección das persoas e outras medidas adoptadas para facer fronte ao COVID-19, resultarlles de aplicación a tramitación de emerxencia, que prevé un réxime excepcional, permitíndose incluso a contratación verbal segundo art. 37 da LCSP, de maneira que o órgano de contratación, sen obrigação de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevinda, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente.

Por todo o exposto, no exercicio das atribucións que me confire a normativa de Réxime Local e de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aplicar a tramitación de emerxencia prevista no art. 120.1 da LCSP, autorizando incluso a contratación verbal, para a satisfacción de todas aquelas necesidades que veñan referidas a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos e en especial aplicable aos contratos de:

- Subministración de equipos de protección individual (EPI) para todo o persoal municipal que deba prestar servizos mínimos no exercicio das súas funcións.

- Subministración de material informático e tecnolóxico, así como dos servizos necesarios para a súa implantación na prestación dos servizos públicos.
- Subministracións básicas para persoas en situación de emerxencia social ou aquelas necesarias para a prestación de calquera dos servizos sociais do concello.

En todo caso requirirase que o servizo afectado, responsable do contrato, emita informe motivando que a necesidade está directamente vinculada cos feitos xustificativos do estado de alarma e que o seu obxecto é indispensable para a protección do interese xeral, aos efectos do seu control posterior.

SEGUNDO: Esta resolución será de aplicación dende o día da declaración do estado de alarma.

TERCEIRO: En todo caso o provedor deberá presentar a factura correspondente indicando na súa descrición "CONTRATO DE EMERXENCIA".

CUARTO: A presente resolución terá efectos exclusivamente durante a vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se adopten.

QUINTO: Comunicar a presente resolución a todos os departamentos municipais, Intervención e Tesouraría para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo